



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO (URUGUAI), PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DESTINADOS ÁS PERSOAS DE ORIXE GALEGO E AOS SEUS DESCENDENTES RESIDENTES EN MONTEVIDEO (URUGUAI).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración para a concesión dunha axuda á entidade Casa de Galicia de Montevideo, co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e socio asistenciais básicas daquelas persoas de orixe ou ascendencia galega, con nacionalidade española e residentes en Montevideo (Uruguai) que se atopen en situación de carencia ou xubilación con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto, ao non estar cubertas polos sistemas públicos de asistencia social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





Na República Oriental do Uruguai, reside unha gran colonia formada por persoas de orixe galega e os seus descendentes, que pola súa situación carencial, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A entidade Casa de Galicia de Montevideo é unha sociedade fundada o 1 de outubro de 1917 como sociedade de instrución, recreo, beneficencia, sanidade e protección ao traballo, e xestiona un gran Sanatorio Policlínico central e outros catro policlínicos zonais, que dispoñen de laboratorios de análise clínicas, salas de hemodinamia, sala de operacións e área de información pediátrica. A entidade ten o compromiso de dar cobertura a todos os seus asociados presentes e futuros, na súa maioría persoas de orixe galega e descendentes destas.

Este hospital presta, de xeito excepcional, cobertura sanitaria gratuíta ás ditas persoas, sempre que se atopen en situación de carencia e non podan afrontar o pago das correspondentes cotas sociais, gastos de asistencia sanitaria e adquisición de medicamentos a prezo de mercado.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de trinta e cinco mil euros (35.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de xullo de 2017.

